



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VERÍN

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

MEMORIA ORDENACIÓN

TOMO VII

INFORME DE PARTICIPACIÓN



ÍNDICE

1. EXPOSICIÓN PÚBLICA E TRAMITACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL.	2
2. AS ALEGACIÓNS PARTICULARES OU VECIÑAIS.....	3
2.1. INFORME-RESPOSTA INDIVIDUALIZADA DAS ALEGACIÓNS PARTICULARES E DE ORGANIZACIÓNS.	7
3. INFORMES DAS ADMINISTRACIÓNS.	10
3.1. RESPOSTA AO INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS DA CMATI DE 2/11/10.	11
3.2. RESUMO DE PROCEDEMENTOS DO PXOM DE VERÍN COA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL.	19
3.3. RESUMO DE PROCEDEMENTOS DO PXOM DE VERÍN COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO DUERO.	24
3.4. RESPOSTA AO INFORME DE 14/09/11 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.	26
3.5. RESPOSTA AO INFORME DE 16/09/10 DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.	26
3.6. RESPOSTA AO INFORME DE 19/05/2011 DO SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.	27
ANEXO: INFORME-RESPOSTA INDIVIDUALIZADA DAS ALEGACIÓNS PARTICULARES E DE ORGANIZACIÓNS.....	28



1. EXPOSICIÓN PÚBLICA E TRAMITACIÓN DA APROBACIÓN INICIAL.

Unha vez rematados os traballos desta fase, o Equipo fixo entrega no Concello da documentación integrante do documento definitivo para Aprobación Inicial, que foi aprobado polo Concello en pleno do día 20/04/2010 e sometido á exposición pública.

A publicación deste acordo e do período de exposición pública foi realizada no Diario Oficial de Galicia Nº 82 do día 03/05/2010 e nos periódicos La Región e La Voz de Galicia do día 03/05/2010.

A partires do día 23/04/2010, comezáronse a enviar copias do PXOM a diferentes organismos e entidades, segundo se recolle na seguinte relación:

Emisor	Data remisión PXOM e solicitude Informe polo Concello
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMAT	23/04/2010
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	23/04/2010
Augas de Galicia da CMAT	23/04/2010
Deputación	23/04/2010
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (agora CMAT)	23/04/2010
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.	23/04/2010
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010
Bantegal. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010
Minas. Consellería de Industria.	23/04/2010
Conservación da Natureza.	23/04/2010
Confederación Hidrográfica. Mº Medio Ambiente.	23/04/2010
Estradas estatais. Mº Fomento.	23/04/2010
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental	23/04/2010

A exposición ao público propiamente dita, realizouse dende o día 04/05/2010 ata o día 05/07/2010 dese mesmo ano, na Casa do Concello.

A atención ao público para a realización das consultas pertinentes, foi atendida durante este período (e aínda despois) polos membros da Oficina Técnica do concello. e varios días á semana por parte de membros do Equipo Redactor, nese mesmo lugar.

A participación pública, no proceso de información do documento de Aprobación Inicial, foi importante, e, ademais, numericamente tense traducido nunha cantidade proporcional de alegacións.



2. AS ALEGACIÓNS PARTICULARES OU VECIÑAIS.

Imos a facer unha análise o máis exhaustiva posible, respecto das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita, e do nivel de aceptación que a xuízo do equipo redactor, se podía acadar na presente entrega da documentación.

A participación pública no proceso de aprobación inicial foi salientable, e tense traducido a cantidade proporcional de 711 alegacións.

Procedeuse a unha análise polo miúdo respecto das alegacións presentadas, para estudar convenientemente o alcance do que se solicita e a posibilidade de aceptar ou non as propostas formuladas.

No proceso de análise, as alegacións foron divididas nos seguintes grupos que se corresponden coa temática xeral das mesmas:

1. Cambio de clasificación de solo.
2. Modificacións viarias.
3. Cambios normativos.
4. Modificacións nas ordenacións volumétricas.
5. Cuestións referentes ao catálogo.
6. Modificacións nas dotacións.
7. Modificacións xerais.
8. Varios temas.

Despois desta clasificación xeral das alegacións, fíxose unha lectura máis polo miúdo de cada unha delas, sendo localizadas e numeradas na cartografía do concello.

Por último tódalas alegacións foron valoradas polo equipo redactor, atendendo ao seguinte criterio:

- 1.-Estimadas, todas aquelas alegacións que teñen posibilidade de ser incorporadas ao plan .
- 2.-Desestimadas, todas aquelas alegacións que teñen difícil ou imposible a súa incorporación ao plan.
- 3.-Estimadas parcialmente, todas aquelas alegacións que só parte do exposto ten a posibilidade de ser incorporado ao plan.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor das alegacións recibidas no concello de Verín:

TOTAL CONCELLO	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	S.L. ¹ / IRRESOLUBLES	TOTAL
ALEGACIÓNS	193	267	250	1	711
%	27,24 %	37,55 %	35,16%	0,14 %	100,00

Tal e como se acaba de sinalar o número de alegacións sen localizar ou irresolubles por algunha cuestión como concreción no que se solicitaba é de 1.

Na táboa detállanse as alegacións non localizadas ou irresolubles:

Nº REXISTRO	DATA	NOME	OBSERVACIÓN
7667	05/07/2010	DOLORES CHAVEZ ALVAREZ	Non é posible determinar o que se solicita.

¹ S.L. Sen localizar.



Compre sinalar que as modificacións derivadas dos cambios solicitados pola CMATI para a Aprobación Definitiva do PXOM teñen afectado a algunhas das alegacións recollidas e analizadas no presente apartado, pero a espera de que se aprobe definitivamente o plan con estas modificacións, non se teñen realizado aínda as valoracións correspondentes a respecto da súa incidencia no tratamento ou na resposta as citadas alegacións, que se revisarán finalmente unha vez que se acade a Aprobación Definitiva do PXOM, para remitir a resolución na que se estableza a ordenación finalmente aprobada nos terreos obxecto de cada alegación a cada solicitante.

Nos seguintes apartados sinálanse máis polo miúdo os problemas expostos nas alegacións. Dado que en moitos casos cada alegación pode chegar a conter unha ou máis cuestións (nalgún caso ata 7) ímonos referir ao número de cuestións totais que son 828 de cara a caracterizar o nivel de aceptación.

TOTAL	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	S.L. ² / IRRESOLUBLES	TOTAL
CUESTIÓN	249	353	225	1	828
%	30,07	42,63	27,17	0,12	100,00

1.- Cambio de clasificación de solo:

Este é con diferenza o grupo máis numeroso e variado, abrangue unhas 434 cuestións o que supón o 52,41% do total.

Por número de peticións os principais cambios solicitados serían os seguintes:

- 351 (42,39%) solicitan o cambio dende solo rústico de especial protección a outra categoría de solo entre as que destacan a de núcleo rural común (antes área de expansión) 166 (20,04%) ou solo urbano consolidado 162 (19,56 %).
- 2 (0,24%) piden pasar de solo rústico ordinario a solo de núcleo rural común.
- 3 (0,36%) solicitan o cambio de urbanizable non delimitado a solo urbano consolidado.
- 12 (1,45%) piden pasar dende solo urbanizable delimitado residencial a outras categorías de solo.
- 6 (0,72%) tratan do cambio de solo de núcleo rural común a outras categorías, principalmente a núcleo histórico-tradicional.
- 55 (6,64%) solicitan deixar de ser solo urbano non consolidado para pasar a outra categoría, principalmente solo urbano consolidado 54 (6,52%).
- 5 (0,60%) orixinariamente en solo urbano consolidado, solicitan mudar a clasificación a outras categorías.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor a totalidade das cuestións referidas ao cambio na clasificación do solo con respecto ao DAI³:

SOLO	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	S.L./ IRRESOLUBLES	TOTAL
CUESTIÓN	146	118	169	1	434
%	33,64	27,18	38,94	0,23	100,00

² S.L. Sen localizar.

³ Documento de Aprobación Inicial do PXOM de Verín.



2.- Modificacións viarias.

Outro dos aspectos nos que incidiron moitas das alegacións e polo tanto cuestións presentadas durante o proceso de participación pública foi a inclusión, modificación, adaptación ou mesmo eliminación de distinto tipo de viario. O caso máis relevante, cualitativa e cuantitativamente, foi a solicitude de desbotar o proxecto de trazado da Rolda sur ao seu paso polo núcleo de Ábedes. Dado que se considera un eixe estruturante a nivel municipal, leváronse a cabo as correccións que se consideraron acaídas para, mantendo o vial, facer que a repercusión ao seu paso polo núcleo fose menor. En conxunto presentáronse 171 (20,65%) cuestións referentes ao viario.

- 2 (0,12%) versaba sobre a adaptación á realidade existente.
- 5 (0,12%) solicitaba a inclusión dun elemento.
- 57 (6,88%) solicitaban modificacións de distinto tipo.
- 107 (12,92%) pedían a eliminación dun elemento concreto; neste grupo atoparíanse as anteriormente sinaladas do núcleo de Ábedes e en menor medida doutras partes do trazado da Rolda.

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor a totalidade das cuestións relativas ao viario:

VIARIO	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	S.L./ IRRESOLUBLES	TOTAL
CUESTIÓN	22	141	8		171
%	12,86	82,45	4,67		100,00

3.-Cambios normativos.

Un terceiro grupo no que se refire ás inxerencias da poboación que presentou alegacións ao PXOM de Verín represéntano aquelas que teñen que ver con aspectos regulados pola Normativa Urbanística, ben solicitando o mantemento de condicións existentes en plans anteriores, pedindo que se aclaren ou resolvan dúbidas de aplicación, buscando o cambio do solo dunha ordenanza a outra ou dun grao a outro dentro da mesma ordenanza, etc. Neste caso o número de cuestións ascende a 76 (9,17%).

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

NORMATIVA	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	S.L./ IRRESOLUBLES	TOTAL
CUESTIÓN	26	39	11		76
%	34,21	51,31	14,47		100,00

4.-Modificacións nas ordenacións volumétricas.

As alegacións que tratan de modificacións nas ordenacións volumétricas circunscribíense case en exclusiva á contorna do solo urbano, e máis concretamente a aquelas ordenanzas intensivas onde este parámetro é moi importante, tanto no que se refire aos fondos, alturas ou edificabilidade en xeral. Presentáronse 71 cuestións (8,57%) sobre este tema:

- 48 (5,79%) pretendían incrementar os parámetros recollidos no DAI.
- 9 (1,08%) solicitaban a adaptación á realidade existente.



- 1 (0,12%) pedían unha delimitación.
- 11 (1,32%) solicitaban modificacións de distinto tipo.
- 2 (0,24%) querían o mantemento das condicións do plan vixente.

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

ORDENACIÓN VOLUMÉTRICA	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	SEN LOCALIZAR	TOTAL
CUESTIÓN	17	30	24		71
%	23,94	42,25	33,80		100,00

5.-Cuestións referentes ao catálogo

Neste grupo inclúense todas aquelas alegacións ou parte das mesmas nas que se inclúan referencias a algún dos elementos arquitectónicos, etnográficos ou arqueolóxicos recollidos no catálogo de bens do PXOM. As cuestións presentadas nas que se dan estas circunstancias son 22 (2,65%) entre as que se poden distinguir:

- 1 (0,12%) na que se piden aumentos nos parámetros referidos ao ben catalogado.
- 2 (0,24%) onde se solicita a inclusión dun novo elemento.
- 8 (0,96%) nas que se piden distintos tipos de modificacións.
- 11 (1,32%) que piden a descatalogación dun ben.

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

CATÁLOGO	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	SEN LOCALIZAR	TOTAL
CUESTIÓN	11	9	2		22
%	50	40,90	9,10		100,00

6.-Modificacións nas dotacións

Varias das alegacións presentadas referíanse ás dotacións urbanísticas do PXOM de Verín, ben para indicar que era precisa a delimitación dalgunha non considerada, redefinir os límites doutras que si o estaban, e nalgún caso indicar que debían ser eliminadas, debido a que a consideración como tal estaba errada. Presentáronse 20 cuestións (2,41%) ao respecto que poderíamos distribuír da seguinte forma:

Equipamentos:

- 1 (0,12%) solicitaba unha delimitación.
- 1 (0,12%) pedía que fose incluído un elemento.
- 7 (0,84) solicitaban modificacións de distinto tipo.
- 1 (0,12%) buscaba a eliminación dun elemento.

Espazos Libres:

- 3 (0,36%) pedían unha nova delimitación.
- 3 (0,36%) solicitaban distintos tipos de modificacións.



- 4 (0,24%) buscaban a eliminación dun elemento.

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

DOTACIÓNS	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	SEN LOCALIZAR	TOTAL
CUESTIÓNS	13	5	2		20
%	65	25	10		100,00

7.-Modificacións xerais.

Neste apartado recóllense aquelas alegacións cuxas propostas inciden de xeito amplo e normalmente transversal no modelo proposto polo PXOM, e por iso mesmo non son clasificables nas anteriores categorías, aínda que conteñan aspectos comúns con aquelas, o que obriga a incluílas nunha de seu. Presentáronse 12 cuestións (1,44%) con esta temática.

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

XERAIS	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	SEN LOCALIZAR	TOTAL
CUESTIÓNS	6	2	4		12
%	50	16,66	33,33		100,00

8.-Varios temas.

O último apartado trata de recoller todas aquelas alegacións ou parte das mesmas que pola súa especificidade ou escasa presenza son dificilmente agrupables. En conxunto, só son 22 cuestións (2,65%) de temática variada como pode ser económica e financeira, cambio de límites municipais, cuestións ambientais e ecolóxicas etc.

Na seguinte táboa resúmese a valoración feita as devanditas cuestións polo equipo redactor :

VARIOS	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	SEN LOCALIZAR	TOTAL
CUESTIÓNS	8	9	5		22
%	36,36	40,90	22,72		100,00

2.1. Informe-resposta individualizada das alegacións particulares e de organizacións.

A resposta particularizada a cada unha das alegacións contense nun anexo, ao final do presente documento, aínda que dado que nalgúns casos repítense moitas alegacións co mesmo enunciado, a modo de “modelos”, que por tanto terán a mesma resposta, e a fin de non repetir a mesma resposta unha e outra vez no informe final, procederase a reproducir aquí a resposta aos modelos que se teñen detectado.

Os orixinais das alegacións presentadas contéñense no Expediente de tramitación do PXOM dilixenciado polo Concello.

Igual que no apartado anterior, compre sinalar que as modificacións derivadas dos cambios solicitados pola CMATI para a Aprobación Definitiva do PXOM teñen afectado a algunhas das alegacións contestadas, pero a espera de que se aprobe definitivamente o plan con estas modificacións, non se teñen realizado aínda os cambios necesarios na resposta as citadas alegacións, que se revisarán finalmente unha vez que se acade a Aprobación Definitiva do



PXOM, para remitir a resolución na que se estableza a ordenación finalmente aprobada nos terreos obxecto de cada alegación a cada solicitante.

RESPOSTA AO MODELO DE ALEGACIÓN Nº 1, REFERENTE AO TRAZADO DA CIRCUNVALACIÓN QUE PASA POR ABEDES. (alegacións 237, 238, 239, 240, 241, 242, 243, 244, 245, 246, 247, 248, 254, 255, 256, 278, 279, 280, 281, 282, 283, 284, 286, 287, 288, 373, 374, 375, 376, 377, 378, 379, 380, 381, 382, 383, 415, 416, 417, 418, 445, 446, 447, 448, 449, 450, 451, 452, 453, 454, 455).

Non ten sentido que unha circunvalación que actualmente pasa por solo urbano na meirande parte do seu trazado actual e que estará totalmente integrada na vila nas próximas décadas sexa de titularidade estatal, por tanto a idea era que fose municipal, e por tanto non ten sentido a referencia a un Informe de Fomento para este vial.

Por outra banda o equipo redactor ten a constancia de que o Informe desta administración (Fomento) a respecto do PXOM é favorable, por tanto está de acordo con todas as determinacións do PXOM a respecto da súa competencia, e a respecto dunha nova aprobación inicial, esta non é necesaria, segundo permite a lexislación e os informes técnicos.

Máis que como unha circunvalación, hai que considerala como un vial estruturante que se ten que diferenciar en dimensión, capacidade e xerarquía do resto do viario máis urbano e de menor rango para acadar a estrutura viaria concéntrica e periódica que necesitara a dimensión e complexidade que acadará Verín nos próximos séculos, por tanto é imprescindible prevela agora con este trazado próximo ao centro, antes de que (previsiblemente en moi pouco tempo) sexa imposible prevela con esas características. O exemplo teémolo na que denominamos Ronda Interior, que está máis próxima ao centro, pero a súa sección e capacidade posible é moi inferior á da Circunvalación porque xa están moi consolidadas as zonas polas que pasa, e nestes momentos é xa tarde para posibilitar unha maior capacidade, e o mesmo pasaría dentro duns anos a respecto da circunvalación, se non se toma agora a decisión.

Esta é suficiente motivación (unha estrutura xerarquizada e regular) sen necesidade de análises de intensidade actual, que é moi inferior á que se producirá cando se colmate toda a ordenación prevista polo plan. A necesidade é estrutural, non necesariamente de intensidade, pero unha capacidade viaria suficiente tamén é necesaria como posibilidade para responder a unha previsible necesidade, porque ademais, esa posibilidade de maior capacidade non só permite canalizar máis tráfico, senón poder diversificalo (tráficos sustentables máis brandos) e adaptado a futuras necesidades en función da evolución social e do transporte.

A respecto da posible incidencia ambiental desta vía, é moi baixa, dado que percorre en todo o seu trazado por unha topografía moi chaira, sen problemas de trazado, mesmo no caso de ríos ou regatos (estes sempre foron historicamente atravesados obrigatoriamente por necesidades infraestruturais e seguírase facendo no futuro, e se se fai ben non ten porque xerar incidencias importantes).

Ademais no ISA recóllense as medidas xerais necesarias para todo tipo de actuación, e dado que a actuación non terá grandes impactos previsibles, as medidas serán válidas a eses efectos, quedando ademais as medidas detalladas para o correspondente proxecto, e ademais a fragmentación que se cita do núcleo de Abedes tense resolto integrando esta vía dentro do núcleo (eliminando o gran espazo rústico que, conxuntamente co río, antes cortaba o núcleo).

A suposta incongruencia que se cita a respecto das diferentes clasificacións (por outra banda, é imposible que tivese a mesma toda a vía), non é tal se non máis ben ao contrario, pois vai a permitir que a infraestrutura vaia executándose dende diferentes fontes de financiamento (o que facilita a súa execución en tempos de crise), e o ámbito que se cita (o SUD-17) será un dos primeiros en executarse por prioridades e financiamento comprometido, por tanto será un dos primeiros tramos dese vial en executarse (dado que a execución unitaria de todo o vial é imposible de asumir e executar, pero si o pode ser por tramos en función das oportunidades, e a dispoñibilidade económica en cada momento).



Por outra banda tampouco é certo que a teña que financiar o Estado, pois no Estudo Económico xa non se asigna este vial a ningunha administración en concreto, repartíndose entre o concello e outras Administracións, e tampouco se pretende que sexa un desdobre de ningunha vía estatal, pois o seu uso é fundamentalmente urbano, ao servizo da vila.

Evidentemente, a respecto da materialización do Plan, dado que é obrigado establecer un horizonte non moi longo (12-16 anos) e que hai que cuantificar e programar todas as actuacións xerais previstas, con toda probabilidade non se van a executar todas esas actuacións nese período de 16 anos, pero iso só significa que se estenderán nun prazo máis longo, polo tanto, xa serán asumibles polas Administracións nun futuro próximo, a medida que se vaia solventando a crise actual.

En conclusión, mantense o trazado xeral deste vial, coas melloras citadas ao seu paso por Abedes, e sen asignar a súa titularidade a ningunha administración en concreto (por tanto será municipal), e o financiamento correrá a cargo das distintas administracións nas que o Concello buscará financiamento (mais a parte que corresponda a inversores privados de ámbitos de planeamento) para a súa execución por tramos.



3. INFORMES DAS ADMINISTRACIÓNS.

Ademais das alegacións particulares e veciñais e do Informe Previo da CPTOPT (agora CMATI), recibíronse informes ou escritos de varias Administracións. A análise dos informes sinxelos ou con poucos condicionantes, recóllese no presente apartado, e os que requiren unha análise polo miúdo, recóllense en apartados independentes.

Emisor	Data remisión PXOM e solicitude Informe polo Concello	Data emisión Informe pola Administración respectiva	Data emisión Informe final favorable
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	23/04/2010	2/11/2010	25/04/2011
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	23/04/2010	16/07/2010	20/04/2012
Augas de Galicia da CMATI	23/04/2010		
Deputación	23/04/2010		18/01/2012
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI	23/04/2010		6/05/2010
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.	23/04/2010		22/06/2010
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010		
Bantegal. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010		14/09/2011
Minas. Consellería de Industria.	23/04/2010		19/05/2011
Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010		16/09/2010
Confederación Hidrográfica do Douro. Mº Medio Ambiente.	23/04/2010	15/11/2010, 21/03/2011, 29/09/2011	11/04/2012
Estradas estatais. Mº Fomento.	23/04/2010		12/04/2011
Montes. Consellería do Medio Rural.	23/04/2010		6/11/2012

Os orixinais destes informes contéñense no Expediente de tramitación do PXOM dilixenciado polo Concello.

O Ministerio de Fomento emite o 12/04/11 o preceptivo informe en materia de estradas estatais. O devandito informe é favorable, e formula unha serie de observacións á normativa, que procedense a incorporar a mesma.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio da Administración Xeral do Estado) emite o 22/06/10 o preceptivo informe en materia de comunicacións electrónicas, tal e como se establece no artigo 26.2 da Lei 32/2003 de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, en relación coa redacción do PXOM deste concello. O devandito informe é favorable, e formula unha serie de observacións e normas aplicables en materia de comunicacións electrónicas.

O día 18/01/12 emítese o informe da Deputación de Ourense, que é favorable.

O día 06/05/10 emítese o informe da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a respecto das normas aplicables sobre a xestión de residuos, pero sen incidencia substancial no PXOM.



O día 6/11/2012 emítase o informe do Servizo de Montes da Consellería do Medio Rural a respecto das normas aplicables sobre os montes, que é favorable e sen incidencia substancial no PXOM.

3.1. Resposta ao informe da Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI de 2/11/10.

En data 2 de novembro de 2010 a Dirección Xeral de Infraestruturas, pertencente á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas (CMATI) emite o preceptivo informe, logo da Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín, no referente ás estradas de titularidade autonómica existentes no devandito municipio.

O equipo redactor do PXOM de Verín unha vez analizado o antedito informe manifesta o seguinte⁴:

1. Documentación e normativa:

Dado que o informe da CMATI achega unha valoración das actuacións de mellora sobre a estrada OU-114 que segundo o mesmo aparece recollida no Plan Move que está a redactar a antedita consellería, procédese ao axuste das cantidades recollidas no Estudo Económico Financeiro do PXOM, de xeito que o importe se corresponda en proporción aos quilómetros de vía existentes dentro do termo municipal (3,07 km). Así pois, se para os 21,28 km da estrada está previsto un investimento de 3.151.000 euros, ao tramo que percorre polo interior de Verín de **3,07 km** corresponderanlle **454.585,06 euros**.

2. Solo rústico:

Procédese a incluír dentro do solo rústico de protección de infraestruturas a totalidade do espazo ocupado polas rotondas de enlace entre a OU-310 e a autovía A-52. No que respecta ao punto de contacto entre a OU-310 e a nova variante proposta no PXOM á altura de Abedes, realízase a reserva da superficie de cara a poder executar o enlace de acordo ás prescricións vixentes en materia de enlaces.

3. Solo de núcleo rural:

OU-310:


Tal e como se solicita no informe da CMATI sinálase nos planos de ordenación do núcleo de Abedes, na zona anteriormente clasificada como “área de expansión” do devandito núcleo, e que logo da entrada en vigor da Lei 2/2010 de 25 de marzo pasa a clasificarse como núcleo rural común, a liña límite de edificación, entendéndose a mesma como recuado obrigatorio. Tamén se recolle no correspondente apartado da normativa a prohibición, na zona común do antedito núcleo, de novos accesos directos á estrada autonómica.

OU-113:

No que se refire á “área de expansión” situada ao norte do núcleo de Caldeliñas, na marxe oeste da estrada autonómica, actualmente, logo da entrada en vigor da Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, desaparece tal categoría de solo, diferenciándose o solo de núcleo rural en dous tipos que poden coexistir (formando un núcleo complexo) ou non, o **histórico tradicional** e o **común**, podendo darse de forma autónoma un do outro, principal diferenza co concepto de “área de expansión” onde se facía precisa a existencia dun núcleo tradicional previo do que xurdir, por iso, e dado que existen tanto

⁴ No documento de contestación manterase a mesma estrutura que a existente no informe da CMATI.

algunhas edificacións **como un viario alternativo de acceso a moitas das parcelas** (ver imaxe seguinte) cun trazado sensiblemente paralelo á estrada autonómica, enténdese que é posible o mantemento do antedito ámbito.



- Categorización do solo proposto no núcleo de Caldeliñas e viario existente.

Na imaxe anterior pódese comprobar a existencia de viarios alternativos existentes á OU-113 para a maioría das parcelas, que permitirían, chegado o caso, edificar sen xerar novos accesos indiscriminados á estrada autonómica na zona común deste núcleo.



Para todas as zonas de núcleo rural que non se corresponde co núcleo histórico tradicional procédese a sinalar a liña límite de edificación como recuado obrigatorio nos planos de ordenación tal e como se solicita.

Tamén se indica na ordenanza correspondente que no núcleo rural de Caldeliñas, na súa zona común se prohiben os novos accesos directos á estrada autonómica.


4. Solo urbanizable:

OU-113:


Recóllese na correspondente ficha de desenvolvemento do SUD-02 **que a posibilidade de realización de xiros á esquerda coa estrada autonómica quedará pendente da reorganización dos tráfico na travesía.**

5. Solo urbano:

O ámbito de solo urbano que se propón entre as vivendas sociais e o núcleo de Caldeliñas aínda que segundo o ordenamento en vigor, que logo da anulación do PXOM de 1998 son as N.S.P de 1986, se atopa clasificado como solo rústico, mostra na actualidade unha realidade ben distinta.



- Ordenación das N.S.P. 1986



- Estado actual (PNOA) da edificación e ámbito de solo urbano proposto.

Tal e como se ve na imaxe anterior, existe un importante número de edificacións nas beiras da estrada OU-113, en especial na marxe esquerda en sentido Laza, e como se pode observar na seguinte imaxe a propia estrada conta con beiravías nas súas marxes, ademais doutros servizos urbanísticos no tramo entre as vivendas sociais e o núcleo do Salgueiro:




- OU-113 nas inmediacións das vivendas sociais entre Verín e O Salgueiro.

No tramo entre O Salgueiro e Caldeliñas mantense unha certa densidade edificatoria na marxe que se clasifica como solo urbano no novo PXOM de Verín, neste caso a estrada de 8 m de ancho conta cunha zona de uso peonil a cadanseu lado de 1.50 m de formigón e os peches das parcelas non edificadas atópanse a uns 7 m do eixe da vía:




- Estrada OU-113 a partires do Salgueiro.



Dado que, como se pode ver nas imaxes anteriores, o tramo de vía que percorre polo ámbito que se propón como solo urbano atópase en xeral moi urbanizado e ben acondicionado e que nas súas marxes localízanse un bo número de vivendas (que farían por exemplo inviable a realización de viarios paralelos á estrada principal con accesos puntuais á mesma) enténdese

que non tería sentido a realización dunha actuación integral a través dun Plan Especial que garanta a execución completa da urbanización con carácter previo á edificación. No que se refire ás aliñacións, co establecemento dunha liña de edificación á distancia sinalada pola Lei de Estradas de Galicia, neste caso a 7 m da aresta exterior da explanación, xa que se trata dunha estrada da rede secundaria autonómica (agás pequenas zonas xa consolidadas a unha distancia algo menor), daríase cumprimento ao solicitado no referente á separación entre edificacións de xeito semellante ao sinalado no informe da CMATl para esta zona. En canto á liña de peche que separa a zona pública da vía da privada das distintas propiedades mantense, tal e como figuraba no documento de Aprobación Inicial, un ancho de 16 m.

Así pois a sección proposta da vía, agás aliñacións consolidadas a menor distancia, sería aproximadamente a seguinte:



OU-310:

Recóllese na correspondente ficha de desenvolvemento do APR-17 **que a posibilidade de realización de xiros á esquerda coa estrada autonómica quedará pendente da reorganización dos tráfico na travesía.**

b).- Abastecemento. A información recollida, na documentación achegada á Subdirección Xeral de programación e proxectos, é froito do traballo de campo e da información dada polo concello de Verín.

As actuacións propostas xustifícanse, na rede de abastecemento, xustifícanse no Estudo económico e financeiro do PXOM.

Reaxústanse as dotacións para o abastecemento urbano do concello, estimándoo en 210 l/hab/día., polo que se modifica e se corrixe o indicado na memoria xustificativa e na Normativa urbanística.



3.2. Resumo de procedementos do PXOM de Verín coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Vanse a resumir no presente apartado as distintas actuacións levadas a cabo para a resolución dos diversos problemas detectados no PXOM de Verín pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

A primeira notificación dos citados problemas detectados é o Informe emitido o 16 de xullo de 2010 (Expediente 2010/367), e a partir dese momento iníciase unha serie de contactos e reunións na sede central de Santiago da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Datas das reunións:

- Mércores, 20 de outubro de 2010.
- Martes, 30 de novembro de 2010.
- Mércores, 22 de decembro de 2010.
- Martes, 01 de febreiro de 2011.
- Luns, 07 de febreiro de 2011.
- Martes, 15 de febreiro de 2011.
- Martes, 05 de abril de 2011.
- Luns, 11 de abril de 2011.

Nesas reunións analízase o alcance real dese informe e a súa posible resolución, salientando (polo seu custo, complexidade e tempo de elaboración) entre estas resolucións a **necesidade de realizar unha Prospección Arqueolóxica de todo o termo municipal**. O resto das cuestións foron perfilándose nas reunións citadas, acordándose xeitos detallados de resolución, mesmo coa proposición de exemplos por parte do equipo redactor do PXOM que foron aceptados ou máis perfilados ata acadar un criterio de realización aceptado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En resumo, o tratamento dos temas cuestionados é o que se recolle nos seguintes apartados, referidos a cada unha das fases de debate ou informes recibidos.

1. RESPUESTA DO EQUIPO REDACTOR AO INFORME EMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL (DXPC) o 16 de xullo de 2010 (Expediente 2010/367) sobre o PXOM DE VERÍN (Ourense).

O informe do 16 de xullo de 2010 (Expediente 2010/367), trata múltiples aspectos que analizaremos pormenorizadamente, e que foron tamén tratados persoalmente, con carácter xeral, por membros do equipo na propia Delegación da Consellería.

Divídese o informe en varias partes, e reflíctense no presente informe o tratamento dado a cada un dos apartados.

1.- NO REFERIDO AOS BENS A PROTEXER:

- 1.1. En relación á muralla da vila histórica realizouse un estudo prospectivo específico baseado na bibliografía especializada, definindo un ámbito protexido pactado cos SSTT da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- 1.2. Estableceuse a obriga de redactar un PEPRI nos núcleos de Pazos e do Casco Histórico de Verín e San Lázaro.



- 1.3. Establecéronse contornos de protección integral e de respecto de todos os petróglifos inventariados, así como dos demais xacementos arqueolóxicos que contaban con base física recoñecible sobre o territorio. Todo levouse a cabo, previa realización dun traballo específico de prospección arqueolóxica, debidamente autorizado pola DXPC, tal e como establecía o informe.
- 1.4. Incluíuse unha serie de listaxes organizadas por claves, parroquias e lugares, grao de protección e tipoloxías.
- 1.5. Todas as fichas individuais inclúen agora: fotografía significativa, plano de localización, coordenadas UTM, descrición e grao de conservación e clave do plano (sempre o de maior escala dispoñible) no que se sitúan.
- 1.6. Suprimíronse os elementos sinalados no informe de referencia: A_185, A_186, e outros citados no apartado “1.1.1.k” do informe. Non foron eliminadas as fichas A_064, A_075 e A_120, correspondente a unha casa tradicional con canzorros de granito situada no núcleo de Cabreiroá, a unha casa con balcón corrido en granito situada en Caldeliñas, e a dous edificios de vivendas da vila de Verín respectivamente, por constituír, a xuízo do equipo redactor, exemplos valiosos de arquitectura vernácula no ámbito municipal.
- 1.7. No referido á Ruta da Prata foi incorporada a traza remitida polos SSTT da Consellería de Cultura, así como algúns dos bens etnográficos (varios deles foron desbotados de conformidade cos SSTT) a ela vinculados, que eran sinalados no informe.
- 1.8. Incluíronse os elementos máis significativos do casco histórico de Verín e San Lázaro, con independencia do que estableza no futuro o PEPRI, tal e como se sinalaba no informe, fixando para este núcleo e para o de Pazos un grao de protección xenérico de carácter Ambiental.
- 1.9. Fixáronse uns contornos de protección para todos os bens arquitectónicos e etnográficos que foron consensuados cos SSTT da DXPC. A única excepción vén dada polos bens incluídos nos ámbitos definidos para os PEPRIs de Pazos de Casco Histórico de Verín, que posúen unha delimitación precisa. Estes contornos inclúense nos planos de ordenación, mais non nas fichas individuais de cada elemento por sobardar moitos deles un ámbito uniforme que permitise utilizar sempre a mesma escala, facendo inviable unha representación completa do seu perímetro, toda vez que o criterio da DXPC avoga por unir contornos de protección de elementos próximos.

2.- NO REFERIDO AO CONTIDO DAS FICHAS:

- 2.1. Incorporouse un plano de localización dos bens catalogados que inclúe a ordenación. Cando un ben aparece vinculado a unha Finca Singular ou un xardín, esta aparece citada expresamente, e o seu perímetro grafitado nos planos de ordenación.
- 2.2. Completouse a localización dos bens incluíndo en cada ficha a ordenación correspondente, as súas coordenadas UTM, usos prohibidos e permitidos, descrición pormenorizada, etc...
- 2.3. Corrixíuse a ordenanza de aplicación que figuraba nas fichas.
- 2.4. Incluíuse unha fotografía representativa de cada un dos bens catalogados o que cumpre co establecido no art. 75.4 da Lei 2/2010 de 25 de marzo.
- 2.5. Corrixíuse a Categoría de Protección que se consignaba nas fichas, pasando de “Incluído no Catálogo” a “Inventariado”, en concordancia co establecido na Lei 8/1995.
- 2.6. Incorporouse un parágrafo expreso referido á protección en todas as fichas que inclúen un escudo ou pedra heráldica que recoñecen a súa condición de BIC.



- 2.7. No que respecta ás fincas singulares foron incluídas as asociadas aos elementos A_124 e A_002, por seren relevantes e significativas para a valoración dos respectivos bens arquitectónicos. Polo motivo contrario obviámos as vinculadas ás fichas A_127, A_153, A_154, A_155 e A_156.
- 2.8. No referido á ficha A_140, Casco Histórico de Verín, incorporouse a delimitación exacta do seu ámbito, pactada cos SSTT da DXPC.
- 2.9. Incorporouse, ás fichas dos cruceiros, a referencia legal que xustifica a súa consideración de BIC.
- 2.10. Tramáronse as plantas dos pozos aos que fan referencia as fichas E_046 e E_047, se ben utilizamos un único plano para cada un dos dous conxuntos (Mandín e Pazos).
- 2.11. Incorporáronse ás fichas dos xacementos e achados arqueolóxicos as determinacións contidas no informe de referencia.

3.- NO REFERIDO AO CAMIÑO DE SANTIAGO:

- 3.1. Incorporouse aos planos a traza do Camiño que foi sometida a información pública, por acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 13 de xaneiro de 1998.
- 3.2. As determinacións referidas á Ruta da Prata, consensuadas cos SSTT da DXPC, contéñense na ficha I_001, fixando protección expresa para o arborado autóctono e os muros de peche tradicionais.
- 3.3. A traza do Camiño e a súa representación gráfica nos planos de ordenación foi incluída tal e como foi solicitada polos SSTT da DXPC nas reunións mantidas ao efecto.

4.- NO REFERIDO Á NORMATIVA DE PROTECCIÓN: (pax. 13)

- 4.1. Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe.

5.- NO REFERIDO Á ORDENACIÓN: (pax. 17)

- 5.1. Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe (coas matizacións a respecto de diversas cuestións aclaradas durante as numerosas reunións de traballo efectuadas coa Consellería de Cultura para a resolución dos temas derivados do citado informe), salvo as cuestións que se citan de seguido, en que se establecen solucións ou xustificacións alternativas:
 - Punto 2.2.1.3 do informe. Non se pode eliminar a clasificación do contorno do balneario de Cabreiroá como solo urbano, por cumprir as condicións obxectivas establecidas na LOUG e desenvolverse alí actividades con continuidade e con perspectivas de futuro ao longo de moitas décadas, pero en calquera caso inclúese esa zona dentro do contorno de protección dos elementos catalogados na zona, por tanto a Consellería de Cultura poderá en calquera caso resolver ante calquera actuación pretendida, os posibles conflitos coa protección tanto do balneario como da fonte, catalogados polo documento do PXOM.
 - Punto 2.3.1. e) do informe. A delimitación dos núcleos rurais está completamente reaxustada aos parámetros da Modificación recente da LOUG (Lei 2/2010), e xa non dispón de zonas de expansión indiscriminadas, senón de zonas comúns de núcleo rural que cumpren as condicións obxectivas e regradas de clasificación e consolidación esixidas.



- Punto 2.4.1 do informe. A ordenación proposta no solo urbanizable SUD-07 xa tivo en conta no seu momento tanto ao Balneario como a fonte de Cabreiroá, ambos elementos incluídos no catálogo do PXOM e no ámbito do contiguo PEPRI-03 Cabreiroá, e pode verse agora que no ámbito de protección destes elementos só existen espazos libres de uso público dentro da ordenación proposta no solo urbanizable SUD-07, por tanto está garantida a non afección desa ordenación ao ámbito de protección destes elementos.
- Punto 2.4.2 do informe. A ordenación proposta no solo urbanizable SUD-10 xa tivo en conta no seu momento ao elemento recollido no catálogo do PXOM (ficha E_004, caseta das viñas), deseñando ao seu arredor un espazo libre no que se integra perfectamente (de feito a ordenación deste sector foi redactada polo mesmo equipo que tivo a ben catalogar o citado elemento para incorporalo como elemento da memoria histórica da actividade vinícola tradicional en Verín) e ao que se poderá incorporar con usos socioculturais, engadíndose a posibilidade do seu traslado a outro espazo en caso necesario.
- Punto 2.5 do informe. A ordenanza de solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico aplicarase de xeito único nas zonas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos, e no resto dos casos (dadas as interferencias con outras potencialidades, lexislacións ou competencias sectoriais, mesmo obrigadas por lei) aplicarase con carácter complementario doutras ordenanzas de solo rústico. No resto das clases de solo a clasificación é obxectiva, segundo a lei e non se pode cambiar a clasificación a rústico, salvo casos moi xustificados.

6.- NO REFERIDO Á NORMATIVA XERAL: (pax. 28)

6.1. Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe.

2. PREINFORME DE DECEMBRO DE 2011.

Unha vez entregada en xuño de 2011 a documentación modificada (impresa en papel e en formato dixital) en base á resposta anteriormente comentada, como consecuencia do primeiro informe, recíbese ao cabo duns seis meses unha convocatoria para unha reunión o 23/11/2011 na que se tratan as deficiencias aínda detectadas e a súa forma de resolución, que se concretan nun preinforme que volve a cuestionar algunha da citada documentación modificada.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Revísase o contido das fichas a respecto dos apartados de: obras prohibidas e permitidas, melloras necesarias e os planos.
- Recóllense as fincas singulares de reitorais e pazos dos núcleos.
- Corríxense diversos aspectos da normativa de Protección Cultural.
- Revísanse e adáptanse os contornos de protección dos elementos incluídos no catálogo.
- Corríxense diversos aspectos da normativa en relación a: parques solares, a ordenanza de equipamentos colectivos de carácter local ou xeral, condicións xerais transitorias en tanto non se redacten os PEPRIs.
- Fanse as correccións acordadas nos planos, referente á ordenanza 4P, sobre todo nos balnearios.



- Axustes no PEPRI-02 Pazos, na saída da estrada a Vences e nas APR da ladeira sur do Castelo de Monterrei.
- Axustes no balneario de Cabreiroa, o de Fontenova e no Santuario de Vilamaior de Val (Campo dos Remedios).
- Diversos axustes no eido arqueolóxico.

3. PREINFORME DE XANEIRO DE 2012.

Unha vez entregada en xaneiro de 2011 a documentación modificada (impresa en papel e en formato dixital) en base á resposta anteriormente comentada, como consecuencia do segundo pre-informe, recíbese ao cabo dun mes unha convocatoria para unha reunión o 3/2/2012 na Delegación de Ourense, na que se tratan as deficiencias aínda detectadas e a súa forma de resolución, que se concretan nun preinforme que volve a cuestionar algunha da citada documentación modificada nos apartados anteriores.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Axustes nas fincas singulares de reitorais e pazos nos planos de ordenación.
- Revísanse e adaptaciónse os contornos de protección dos elementos incluídos no catálogo que se cuestionan.
- Corríxense diversos aspectos da normativa en relación as condicións xerais transitorias en tanto non se redacten os PEPRIs.
- Fanse as correccións acordadas nos planos referente a grafar ordenanza 4P, en vez da 4, no caso dos balnearios.
- Axustes na ficha de condicións do PEPRI-03 Balneario de Cabreiroá no Documento de Xestión.

4. INFORME FINAL FAVORABLE EMITIDO o 20 de abril de 2012.

Logo de todos os debates anteriores, faise a entrega de documentación final datada en marzo de 2012, e dáse por rematado o proceso coa emisión deste informe favorable definitivo, que non obstante solicita unhas últimas correccións recollidas nos seguintes puntos.

1.- NO REFERIDO AOS BENS PROTEXIDOS E AO CATÁLOGO.

- 1.1. Revisáronse as claves alfanuméricas de referencia aos planos de ordenación, recollidas nas fichas do catálogo, tal e como se sinalaba no informe.
- 1.2. Revisáronse tamén os contornos de protección dos elementos sinalados no informe a fin de evitar disparidades, así como os correspondentes ás fichas que seguen: A_002; A_006; A_009; A_045; A_052; A_054; A_055; A_056; A_057; A_077; A_078; A_079; A_080; A_096; A_097; A_098; A_099; A_100; A_119; A_120; A_121; A_124; A_125; A_133; A_142; A_191; A_195 e E_034.
- 1.3. Revisouse a grafía das fincas singulares existentes no concello, a fin de facelas perfectamente visibles nos planos de ordenación. Ademais, incorporáronse novas fincas vinculadas aos elementos A_162, A_163 e A_138.
- 1.4. Substituíuse nas fichas de catálogo a denominación "Ordenanza de Aplicación" pola de "Clasificación e Cualificación", tal e como se sinalaba no informe.



- 1.5. En relación á ficha I_001, referida ao Camiño de Santiago, suprimiuse o campo correspondente ás coordenadas de localización, corrixiuse o apartado de "Observacións" no sentido expresado no informe e modificouse o campo que anteriormente se correspondía co de "Ordenanza de Aplicación" para que fose coherente coa clasificación e cualificación do solo polo que percorre o Camiño. A referencia ao art. 9 do apartado 10.4 da normativa foi incluída no campo de "Observacións" da ficha I_001, asignándolle ao Camiño un grao de protección "Ambiental".
- 1.6. Revisáronse ademais as zonas de respecto arqueolóxicas, a fin de facelas máis visibles, mantendo o tipo de liña que define o contorno de protección do Camiño de Santiago, tal e como se nos indicou na última reunión de seguimento celebrada en Santiago, onde o subdirector xeral sinalou que, mentres non se aprobe a delimitación deste camiño de peregrinación, o contorno só debía ser facilmente visible a escala 1:15.0000.

2.- NO REFERIDO Á ORDENACIÓN.

- 2.1. Incorporouse á ficha da APR-26. Pazos 3 a necesidade de obter informe preceptivo e vinculante da Consellería de Cultura ao planeamento que ordene detalladamente o ámbito.
- 2.2. Corrixiuse o contorno de protección do Balneario de Fontenova no sentido expresado no informe.
- 2.3. Modificouse tamén o contorno de protección do Balneario de Caldeliñas no sentido expresado no informe.
- 2.4. Corrixiuse a delimitación do Núcleo Común que afectaba ao xacemento do Seixal X_001 (GA32085001) no sentido expresado no informe.
- 2.5. Por último, modificouse a delimitación do Núcleo Común que atinxía ao xacemento de Queizás/A Quinta X_018 (GA32085018) a fin de que respectase a integridade do ámbito que define a súa protección integral (II-1), mantendo a súa delimitación na súa envolvente ou zona de respecto (II-2) co obxecto de non alterar o cálculo de consolidación esixido pola Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

5. CONCLUSIÓN.

Logo de todos estes longos procesos de debate e corrección sucesiva dáse por rematado o proceso de axuste e corrección do PXOM no eido patrimonial, coa emisión deste informe favorable definitivo datado en Abril de 2012.

3.3. Resumo de procedementos do PXOM de Verín coa Confederación Hidrográfica do Duero.

O 15/11/2010 emítase un primeiro informe desfavorable por varias razóns:

- Non ter garantido o fornezo dos recursos hídricos.

A este respecto, o Concello de Verín deberá solicitar a revisión e ampliación da concesión existente ou outra nova, para facer fronte aos novos desenvolvementos, tanto ao Polígono Industrial de Tamagos como ás ordenacións detalladas previstas no presente Plan Xeral, sen que no momento actual poida preverse o contido da resolución que no seu día recaia. Neste sentido, débese ter en conta que a efectiva derivación ou extracción de auga só poderá realizarse unha vez outorgada a correspondente concesión coas características e condicións nela sinaladas.



Doutra banda, en relación aos abastecementos das localidades de Feces de Abaixo, Feces de Cima, Mandín, Mourazos, Tamagos, Tamaguelos, Queizas, Cabreiroa, Queirugas, Abedes, Tintores e A Rasela, este Organismo de Cuenca ten constancia de que se esta facendo uso de captacións que non están legalizadas, polo que se deberá solicitar a oportuna concesión de augas para o abastecemento da poboación, de acordo co sinalado no artigo 123 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, de 11 de abril de 1986, non tendo dereito algún ao aproveitamento das augas mentres a concesión non sexa outorgada.

- Posible afección a zonas ou terreos inundables.

Neste sentido, este Organismo de cuenca considera que aos efectos de comprobar a inundabilidade de determinadas zonas para a súa clasificación como Chan Urbano (Consolidado ou Non Consolidado), Solo Urbanizable (Delimitado ou Non Delimitado) e Chan de Núcleo Rural polo presente Plan Xeral e o seu posterior desenvolvemento urbanístico, deberanse presentar os correspondentes Estudos Hidrolóxicos-Hidráulicos das seguintes canles:

- Río Támega ao seu paso polo núcleo urbano de Verín, desde a confluencia co Regueiro Novo de Queirugas ata o final do Chan Urbano Consolidado de Verín.
- Regueiro de Sandín ao seu paso polo núcleo urbano de Tamaguelos.
- Río Feces ao seu paso polo Sector SUE-I "Universidade".

O Concello de Verín, con data 4 de febreiro de 2011, solicita que a Confederación Hidrográfica do Douro, reconsidere o sentido desfavorable do informe emitido por ese Organismo de cuenca respecto da aprobación do Plan Xeral, achegando para iso alegacións ao informe emitido previamente por ese Organismo, pero este emite un **segundo informe desfavorable o 21/03/2011**, ratificándose no anterior.

En agosto de 2011, o Concello de Verín presenta un estudo hidrolóxico hidráulico á Confederación Hidrográfica do Douro co fin de dar contestación á solicitude da Comisaría de Augas de devandito Organismo, na que se requiría un estudo para determinar o nivel de inundación de tres tramos comprendidos no río Támega en Verín, regueiro de Sandín en Tamaguelos e río Feces no sector SUE Universidade do Plan de Ordenación Municipal, co fin de coñecer os posibles usos do solo nas inmediacións destes tramos.

Nesta primeira versión do estudo presentáronse uns caudais de 301,37 m³/s e 500,13 m³/s para as avenidas dos 100 e dos 500 anos respectivamente no tramo de Verín. O método de estimación de crecidas utilizado foi o método racional modificado do profesor D .José Ramón Témez do Centro de Estudos Hidrográficos. Este método é o recomendado polo MOPU (Témez, 1990), pero con modificacións posteriores (Témez, 1991). A metodoloxía de Témez baséase no método racional, aplicable ás pequenas cuncas, pero cunha serie de modificacións que amplían o seu rango de validez ata os 3000 km². A cuenca de Verín rolda os 265 km².

Cabe salientar que son estas dúas avenidas as que definen as vías de intenso desaugue, as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables que determinan o posible uso do solo.

Para as cuncas do río Feces e do regueiro de Sandín, polo seu reducido tamaño, recorreuse á fórmula do Método Racional contida na Instrución de estradas 5.2-IC.

En canto á parte hidráulica, preséntase un estudo realizado a partir dunha laboriosa cartografía a escala 1:1000, e mediante o programa de cálculo habitual para este tipo de estudos de inundabilidade; o HECRAS.

Posteriormente, **o 26 de setembro de 2011 a Confederación Hidrográfica do Douro emite informe desfavorable** expoñendo varias consideracións respecto ao estudo:

Aspectos hidrolóxicos: os caudais obtidos poderían atoparse minorados respecto dos suscitados. Realízase a comparación cos caudais calculados pola publicación CAUMAX do



CEDEX no tramo do río Támega en Verín, de 437 m³/s e 555 m³/s para as avenidas de 100 e 500 anos respectivamente.

Estas consideracións considéranse recomendacións sobre os cálculos e menciónase que a estimación e/ou adopción dos parámetros hidrolóxicos e hidráulicos e o emprego das metodoloxías de cálculo considéranse responsabilidade única do autor do estudo, podéndose fixar segundo criterio do técnico redactor.

Aspectos Hidráulicos: existen seccións transversais ao eixe do río, na interfase cartografía-HECRAS, xeometrizadas de xeito incorrecto. Solicítase a corrección destas deficiencias para proseguir coa tramitación.

En decembro de 2011 o Concello de Verín dá resposta ás modificacións esixidas para a aprobación do estudo hidrolóxico-hidráulico pola Confederación Hidrográfica do Duero. En contestación ás consideracións do informe, nesta nova versión do estudo realízanse os seguintes cambios:

Aspectos hidrolóxicos: o autor ratifícase nos resultados obtidos, pois considera que a metodoloxía utilizada é válida e que os parámetros utilizados son o suficientemente conservadores, pois coñece a zona. A modo de exemplo, durante o período de avenidas do ano hidrolóxico 2000-2001, considerado por moitos hidrólogos como avenida asimilable a un período de retorno de 50 anos no noroeste español, comparando os valores obtidos cos reais medidos na estación fornómica de Rabal, parecen correctos.

Aspectos Hidráulicos: realízase unha laboriosa transformación das seccións transversais ao eixe do río, na interfase cartografía-HECRAS, que obriga a utilizar un software distinto de tratamento de datos GIS ao utilizado na entrega orixinal.

Modifícase o trazado en planta das seccións transversais, introdúcense as distintas obras de fábrica que non se tiñan modelizado, modifícase o número de Manning en certos tramos e engádense "levees" noutros. Eméndanse así as deficiencias observadas.

Con estas modificacións, que derivaron nunha ampliación das zonas inundables respecto das orixinais, **a Comisaría de Augas da Confederación Hidrográfica do Duero emite informe favorable o 11/04/2012** cos usos do solo que se poden levar a cabo en cada zona delimitada por cada zona inundable.

3.4. Resposta ao informe de 14/09/11 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Consellería do Medio Rural.

En resposta á solicitude de informe ao PXOM, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remite a relación de parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia. O PXOM ten clasificado a totalidade da listaxe como Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

3.5. Resposta ao informe de 16/09/10 da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural.

En resposta á solicitude de informe ao PXOM, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza remite unha serie de cuestións a matizar no PXOM.

Cítase que no plano 1.2 Potencialidade do solo, considérase a contorna do LIC "Río Támega" como de potencialidade agropecuaria, cando este plano non ten validez de ordenación, senón só a título informativo, e o plano 0.1.1. co que eles se senten identificados por delimitar unha protección perimetral paisaxística é o que ten valor normativo de clasificación do solo.

En canto ás conclusións,

1º) A respecto dos cursos fluviais, clasifícase todos como solo rústico de protección de augas, independentemente da servidume legal de policía de augas (tamén aplicable), e nos casos en



que se superpón o río ao LIC en Rede Natura, clasifícase a zona obrigatoriamente solo rústico de protección de Espazos Naturais.

2º. Respecto do colchón arredor do LIC “Río Támega”, procédese a completar o colchón de clasificación que xa existía na maior parte do seu trazado cunha banda de protección paisaxística ou de protección de augas, ou ampliando a protección de Espazo Natural máis alá da delimitación estrita do LIC, por tanto auméntase a protección ata acadar o colchón solicitado.

3º. Procédese a incluír como Solo Rústico de Protección Paisaxística a zona coñecida como “Poza do Demo” que se cita, nas ribeiras do río Quintas.

3.6. Resposta ao informe de 19/05/2011 do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria.

En resposta á solicitude de informe ao PXOM, o Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria remite a relación de dereitos mineiros existentes no termo municipal e as coordenadas dos puntos extremos do contorno das citadas zonas.

Aos efectos de integrar estes dereitos, na Normativa Urbanística regúlanse as compatibilidades destes usos ou dereitos para actividades extractivas dentro das diferentes categorías de solo rústico, así como as limitacións e condicións de protección dos acuíferos. Para a protección concreta dos mananciais de auga mineral que teñen concesión administrativa de explotación, recollese a ordenanza existente antes do presente PXOM. As condicións de protección da citada ordenanza son as que se recollen no artigo 5.3.3 da Normativa. Incorpóranse ademais (nos planos de información do PXOM) as zonas delimitadas para cada concesión ou dereito de explotación e os permisos de investigación, de acordo á información facilitada.